



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA E URGENTE DO 09 DE NOVEMBRO DE 2022

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00050054Z.

Ratificación da urxencia da convocatoria.

Ratifícase a urxencia da convocatoria

2. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00043749B.

Prorrogar a concesión do recinto ferial de Amio polo prazo de un ano, a contar dende o 11 de novembro de 2022 ata o 10 de novembro de 2023.

Acórdase:

Primeiro.- Prorrogar a concesión do recinto ferial de Amio, contrato asinado con data 11 de novembro de 1997 coa mercantil TRAP, S.A. con NIF A-28186062, e cedido por Acordo da Xunta de Goberno do 28 de decembro de 2010 á mercantil MONFOBUS, SL polo prazo de un ano, a contar dende o 11 de novembro de 2022 ata o 10 de novembro de 2023.

Segundo.- Notificar este acordo ao Concesionario MONFOBUS, S.L., e aos Servizos Económicos (Intervención municipal, Oficina Orzamentaria e Xestión Tributaria).

3. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2022/00045923T.

Aprobación do texto do convenio e transferencia corrente á Fundación Gonzalo Torrente Ballester para a anualidade 2022.

Acórdase:

☐ Que se proceda á aprobación do texto do convenio e a transferencia corrente á Fundación Gonzalo Torrente Ballester, por importe de 10.000 €, con imputación á aplicación orzamentaria 050 33400 4890201.

4. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2022/00030348L.

Aprobación do texto do convenio e transferencia corrente ao Padroado da Casa da Troia.

Acórdase:

☐ Aprobar do texto do convenio e a transferencia corrente ao Padroado da Casa da Troia.

☐ Aprobar o gasto por importe de 5.000 €, con imputación á aplicación orzamentaria 050 33400 4890201

5. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2022/00042077H.

Aprobación o texto do convenio e transferencia corrente á Fundación Rosalía de Castro para o ano 2022.

Acórdase:

☐ Aprobar o texto do convenio e a transferencia corrente á Fundación Rosalía de Castro por importe de 5.000 €, con imputación á aplicación orzamentaria 050 33400 4890201.

6. DEPORTES. Referencia: 2022/00042227F.

Aprobación do texto do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a Fundación Educación e Deporte de Santiago (FEDESA), ano 2022.

Acórdase:

1. Aprobar o borrador de convenio coa FUNDACIÓN EDUCACIÓN E DEPORTE DE SANTIAGO (FEDESA) .
2. Aprobar a subvención nominativa a favor da citada entidade por valor de **25.000 €** con cargo á aplicación 090 34100 4890020 do orzamento municipal do ano 2022.

7. DEPORTES. Referencia: 2022/00042224G.

Dación de conta da sinatura do convenio de colaboración co Club Triatlón Santiago, ano 2022.

Tómase coñecemento da sinatura, o 9 de novembro de 2022, do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e o Club Triatlón Santiago, ano 2022, por unha contía de 20.000 euros.

8. DEPORTES. Referencia: 2022/00042222W.

Dación de conta da sinatura do convenio de colaboración co Club Atletismo Santiago, ano 2022.

Tómase coñecemento da sinatura, o 9 de novembro de 2022, do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e o Club Atletismo Santiago, ano 2022; por unha contía de 10.000 euros.

9. DEPORTES. Referencia: 2022/00042208B.

Dación de conta da sinatura do convenio de colaboración coa Asociación de Padres, Profesionales y Amigos de Personas con Discapacidad Intelectual “Special Olympics Galicia”, ano 2022.

Tómase coñecemento da sinatura, o 9 de novembro de 2022, do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación de Padres, Profesionales y Amigos de Personas con Discapacidad Intelectual “Special Olympics Galicia”, ano 2022, por unha contía de 3.500 euros.

10. DEPORTES. Referencia: 2022/00042193L.

Dar conta da sinatura do convenio de colaboración co Arteal Tennis de mesa, ano 2022.

Tómase coñecemento da sinatura, o 9 de novembro de 2022, do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e o Club Arteal Tennis de Mesa, ano 2022; por unha contía de 12.000 euros.

11. DEPORTES. Referencia: 2022/00042226Y.

Dación de conta da sinatura do convenio de colaboración coa Sociedade Deportiva Compostela, ano 2022.

Tómase coñecemento da sinatura, o 9 de novembro de 2022, do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a Sociedade Deportiva Compostela, ano 2022, por unha contía de 65.000 euros.